

En Santiago, a 1 de outubro de 2012

Estimado Sr. Presidente:

O pasado día 3 de xaneiro saíu publicada no DOGA a Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Esta Lei 14/2011 introduce importantes novidades na lexislación das cooperativas de Galicia que necesitan ser coñecidas polos responsables das cooperativas. Esta Lei 14/2012 entrou en vigor o pasado 23 de xaneiro do presente ano.

A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA, está a desenvolver una tarefa informativa e explicativa, encamiñada a orientar, aconsellar e asesorar ás cooperativas de Galicia cara o cumprimento normativo e o pleno aproveitamento das potencialidades que os textos legais posibilitan para unha mellor adecuación do funcionamento das cooperativas en relación cos seus aspectos sociais, económicos e organizativos.

Por todo iso, a Unión de Cooperativas AGACA, no marco da Rede Eusumo para o Fomento do Cooperativismo e a Economía Social, e contando co apoio e colaboración da Consellería de Traballo e Benestar, segue o proceso de explicación da Lei 14/2011 coa **Xornada Explicativa/Formativa que se vai a celebrar no CENTRO DE DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO TRANSFRONTERIZO DE VERIN situado no Parque empresarial de Pazos (Verín) o vindeiro día 29 de outubro (luns) ás 16:00 h. da tarde.**

Interveñen:

16:00 h Recepción de asistentes e entrega de documentación
16.15 h Inauguración e benvinda da Consellería de Traballo e Benestar.
16.30 h Aspectos xerais da Lei 14/2011.
D. Carlos Ares Fernández. Técnico de AGACA
17:15 h Aspectos societarios da Lei 14/2011.
D. Tomás Gómez Vázquez. Técnico de AGACA
18:00 h Coloquio: preguntas, aclaracións,...
18:30 h Descanso para café.
19:00 h Modificacións do réxime económico da Lei 14/2011.
D. David Vila López. Técnico de AGACA.
19.45 h Coloquio: preguntas aclaracións,...
20:00 h Clausura da Xornada.

Esta xornada está dirixida a toda clase de cooperativas interesadas e afectadas pola modificación da norma legal. Coa finalidade de organizalos servizos de apoio á xornada, pregamos **confirman asistencia mediante chamada ao número 981.58.49.11 ou remitindo un correo a montse@agaca.coop comunicando o número de asistentes antes do 26 de outubro.** Cordiais saúdos.



Asdo.: Higinio Mougán Bouzón
Director-Xerente de AGACA